



Concello do Grove

BASES ESPECÍFICAS DA BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DA FESTA DO MARISCO DE 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O emprego dos medios materiais adecuados e dos recursos humanos suficientemente preparados é unha necesidade imprescindible hoxe en día para poder levar a cabo de forma adecuada os servizos que lle presta o Concello do Grove á súa cidadanía.

Na cuestión relativa á organización dos recursos humanos no sector público, débense de ter en conta os principios constitucionais de acceso ao emprego público previstos nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución española, que son os de igualdade, mérito e capacidade.

Débese de ter en conta tamén que a Administración local é a que está máis preto das demandas de servizos por parte da cidadanía, e a que está a asumir progresivamente competencias que implican unha maior complexidade no seu desenvolvemento.

A consecución dos obxectivos referidos é una prioridade na política de Recursos Humanos deste concello e o que se pretende conseguir mediante o instrumento adecuado, a regulación e creación da Bolsa de Emprego.

Artigo 1. Obxecto

Desde o respecto aos principios constitucionais indicados na exposición previa, con estas bases preténdese o establecemento de criterios para seleccionar o persoal laboral de carácter temporal dunha forma xusta e equitativa entre toda a veciñanza, que en todo momento coñecerá os requisitos, méritos e coñecementos esixidos polo Concello do Grove para ocupar os postos de traballo que sexan necesarios.

Preténdese así mellorar a calidade das prestacións que recibe a nosa cidadanía e, en especial, axilizar os procesos selectivos para cubrir as necesidades de persoal para atender un evento de capital importancia para o turismo neste concello como é a FESTA DO MARISCO.

Estas bases proporcionarán uns criterios máis transparentes e obxectivos á hora de realizar as contratacións que fai o concello de cara a garantir o correcto funcionamento da Festa, integrándose categorías para a maioría dos postos que se necesitan cubrir.

Téñense tamén en conta na elaboración destas bases certos criterios de discriminación positiva para o caso de que se dean situacións de aspirantes con igualdade de puntuación, establecendo unha orde de preferencia para acceder á cobertura dunha necesidade temporal de emprego, tendo en conta os sectores de poboación con maiores dificultades de acceso ao emprego na actualidade, tales como:

- Persoas cunha discapacidade mínima do 33% e compatible co posto de traballo
- Maiores de 45 anos,
- Familias monoparentais
- Familia numerosa
- Persoas en risco de exclusión social

Concello do Grove



Concello do Grove

- Vítimas de violencia de xénero ou violencia doméstica
- Persoas desempregadas de longa duración
- Demandantes do primeiro emprego.
- Persoas desafiuzadas ou en risco inminente de desafiuzamento.

Exclúense da aplicación da presente normativa os seguintes supostos:

- a) Calquera posto de traballo aínda de semellantes características e funcións, non relacionado expresamente co funcionamento da Festa do Marisco.

Artigo 2. Ámbito de aplicación da Bolsa de Emprego

As presentes bases servirán para a integración nunha Bolsa de Emprego para a contratación temporal de persoal laboral de cara á Festa do Marisco. A apertura do proceso de selección, conforme os grupos que a continuación se relacionan, efectuarase segundo o establecido no artigo 9 desta bolsa, que para tal efecto e nesta fase se clasifican do seguinte xeito:

BOLSA ESPECIFICA FESTA DO MARISCO (BEFM)

CATEGORÍA	CÓDIGO DE SOLICITUDE
Axudante de cociña	BFM - ACÑ
Responsable de almacén	BFM - RA
Caixeiro/a	BFM - CX
Atención ao público (dependente - camareiro)	BFM – AP
Operario de mantemento	BFM- OM

Aquelas outras categorías profesionais non contempladas na anterior relación que resulten necesarias para o funcionamento dos servizos na Festa do Marisco, así como aqueles supostos en que se esgote esta Bolsa de Emprego, poderán ser obxecto de contratación polas vías habituais conforme o establecido na lexislación vixente. Nos supostos nas que se poida usar a Bolsa de Emprego Xeral, esta será a vía prioritaria de contratación.

Artigo 3. Publicidade

A convocatoria desta Bolsa de Emprego deberá ser necesariamente publicada nun xornal de maior tirada da comarca, no taboleiro de anuncios municipal e no taboleiro de anuncios da paxina web institucional do Concello, garantindo con isto o coñecemento das ofertas de traballo desta administración e facilitando o principio de igualdade.

Artigo 4. Condicións e requisitos que teñen que reunir as persoas aspirantes



Concello do Grove

No momento en que remate o prazo de presentación das solicitudes, as persoas aspirantes teñen que reunir os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea ou, no caso de tratarse de persoas estranxeiras non comunitarias, contar con permiso de residencia ou permiso de traballo, que deberá de achegarse xunto coa solicitude.
2. Ter cumpridos os 18 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
3. Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible co normal desenvolvemento das tarefas ou funcións correspondentes ao posto solicitado. (Certificado médico de aptitude física e psíquica para o posto que se vai ocupar).
4. Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública.
5. Non estar envolvidas en causa de incapacidade ou incompatibilidade para prestar os seus servizos no Concello do Grove.
6. Ter a titulación requirida para o posto que solicite, ou experiencia, no caso de ser necesaria para o posto de traballo ao que se pretende acceder, establecida no **anexo II** da presente Bolsa de Emprego.

Artigo 5. Solicitudes e documentación para presentar

5.1 Solicitudes:

As persoas aspirantes que desexen tomar parte na bolsa deberán presentar unha solicitude, segundo o modelo que se achega como **anexo I**, no Rexistro de entrada deste concello dentro do prazo indicado. Este prazo será especificado na propia convocatoria da Bolsa de Emprego.

Cada persoa candidata poderá solicitar participar en calquera dos grupos/subgrupos e categorías da Bolsa ou en varios ao mesmo tempo, sempre que acredite cumprir os requisitos para todos eles.

Despois de recibir as solicitudes, exporase a listaxe de persoas admitidas e excluídas, especificando a causa de exclusión e facilitando un prazo de corrección de 5 días naturais desde a súa publicación nas vías indicadas no artigo 3 destas bases.

5.2 Documentación que haberá que presentar:

As persoas aspirantes deberán achegar, xunto coa solicitude, e con carácter obrigatorio, os seguintes documentos:

1. Fotocopia compulsada do DNI ou documento acreditativo da súa identidade
2. Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados:
 - a) Para os **méritos profesionais**: vida laboral e contratos de traballo, certificados de empresa ou certificados de servizos prestados.
 - b) Para a **formación**: títulos de formación regulada, certificados de cursos, xornadas e talleres onde se especifiquen o número de horas da formación recibida e os contidos. Neste apartado computarase a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, comunidade



Concello do Grove

autónoma e Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración pública, directamente relacionados co posto ao que se opta (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua).

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en créditos ou o número de horas.

Tampouco se computarán os cursos cunha duración inferior a un crédito ou 10 horas.

c) Para as circunstancias persoais:

- Certificado do SEPE de períodos de inscrición como demandante de emprego
- Libro de familia
- Outros certificados e informes oficiais que acrediten as circunstancias persoais expostas no artigo 1 destas bases.

Os méritos non xustificados suficientemente mediante a presentación da documentos á que se fai alusión neste apartado non se valorarán nin serán tidos en conta pola Mesa de Baremación.

O Concello será o encargado de verificar a experiencia dos candidatos como voluntarios en edicións anteriores da Festa do Marisco

Artigo 6. Mesa de Baremación

A valoración realizarase en función dos méritos e das puntuacións que constan nas presentes bases. A dita puntuación será valorada e avaliada pola Mesa de Baremación.

A Mesa de Baremación, que estará formada por:

1. Un/unha técnico/a da área de Recursos Humanos ou Emprego.
2. Unha persoa técnica incluída no Organigrama da organización da Festa do Marisco.
3. O/a secretario/a da corporación ou o/a funcionario/a en quen delegue, que actuará como secretario/a da Mesa e que terá voz pero non voto.

A Mesa de Baremación terá as seguintes competencias:

- Resolver e interpretar as incidencias, controversias e reclamacións que se produzan.
- Valorar a inclusión de novas persoas solicitantes na Bolsa en caso de esgotar as persoas candidatas.
- Resolver calquera dúbida que se produza como consecuencia da aplicación do procedemento de baremación.

Artigo 7. Procedemento de valoración

7.1 Valoración de Méritos

Concello do Grove



Concello do Grove

Recibida a relación de persoas aspirantes para integrar na correspondente Bolsa de Emprego, valorarase a documentación adxunta achegada conforme os criterios que se expoñen a seguir:

A valoración dos méritos persoais de cada aspirante farase conforme os seguintes **CRITERIOS DE PUNTUACIÓN:**

Méritos profesionais:

- I. Experiencia laboral: considéranse méritos profesionais a experiencia laboral debidamente acreditada pola persoa solicitante mediante o orixinal ou a copia cotexada de documentos xustificativos. A puntuación neste apartado non poderá exceder de 6 puntos.
 - A. Por cada edición na que teña participado previamente na Festa do Marisco como voluntario na mesma ocupación para a que é candidata, nos últimos 5 anos: 0,5 puntos por edición.
 - B. Por mes traballado na Administración pública no mesmo posto (ou semellante, cando a praza obxecto da selección fose creada exclusivamente por este concello): 0,2 puntos.
 - C. Por mes traballado na empresa privada, no mesmo posto (ou semellante, cando a praza obxecto da selección fose creada exclusivamente por este concello): 0,1 puntos.
- II. Formación. Considéranse méritos profesionais a formación relacionada co posto de traballo para desempeñar. A puntuación neste apartado non poderá exceder de 4 puntos.
 - A. Por ter titulación/s académica/s de nivel superior á esixida para participar na convocatoria e relacionada co posto para desempeñar, segundo a seguinte escala:
 - i. Licenciado/a, Grao, enxeñeiro/a ou arquitecto/a.....2,5 puntos
 - ii. Diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro técnico 2 puntos
 - iii. Técnico/a superior na correspondente profesión (CGS ou FP II) bacharelato, Ensino en réxime especial (grao superior) ou equivalente..... 1,5 puntos
 - iv. Técnico/a na correspondente profesión (CGM ou FP I), Ensino en réxime especial (grao medio) ou equivalente.....1 punto
 - v. EXB, ESO ou equivalente..... 0,5 puntos

Non se outorgará puntuación polas titulacións esixidas para obter outra superior tamén valorada.

Non serán outorgadas puntuacións por titulacións que sexan esixidas como requisito mínimo.

Concello do Grove



Concello do Grove

Nas categorías da bolsa nas que un candidato presente unha titulación superior a esixida, darase como acreditada a titulación mínima esixida (non baremable), e baremarase a titulación superior

As titulacións deberán ser outorgadas, recoñecidas ou homologadas polo Ministerio de Educación e Ciencia.

B. Por cursos, módulos formativos non incluídos na titulación esixida, seminarios, congresos, relatorios, xornadas atendendo aos criterios no artigo 5.2.2b e experiencias prácticas organizados por administracións públicas, relacionadas coa praza, para a obtención de puntos aplicarase a seguinte táboa (a puntuación non poderá exceder de 1,5 puntos):

i. De 11 a 40 horas:	0,03
puntos	
ii. De 41 a 70 horas ou:.....	0,05
puntos	
iii. De 71 horas a 100 horas:.....	0,07
puntos	
iv. De 101 a 250 horas ou:	0,10
puntos	
v. De 251 a 400 horas ou:	0,25
puntos	
vi. De máis de 400 horas:	0,50
puntos	
vii. Por cursos universitarios aprobados ou máster:	0,80 puntos

Circunstancias persoais:

Só serán tidas en conta en caso de empate nos méritos profesionais . Sen limitación de puntos.

- A. Persoas desempregadas de longa duración (mínimo 12 meses): por situación de desemprego dentro dos últimos tres anos, debidamente acreditada mediante un certificado do organismo competente: 3 puntos máximo (0,10 por mes na dita situación).
- B. Demandante de primeiro emprego:0,2 puntos.
- C. Por cargas familiares (compoñentes da unidade familiar sen ingresos: fillos e fillas, cónxuxe):0,5 puntos por persoa dependente da persoa candidata, ata un máximo de 2 puntos.
(Aqueles persoas solicitantes que aleguen como mérito para valorar cargas familiares deberán achegar o libro de familia onde consten descendentes menores de 16 anos. Para os maiores de 16 anos e cónxuxes, deberán de achegar un documento expedido polo organismo competente no que consten os ingresos obtidos por calquera das prestacións establecidas na Seguridade Social e un informe sobre a inexistencia de situacións de alta expedido pola TXSS).
- D. Por discapacidade, cun mínimo de 33% debidamente recoñecido:1

Concello do Grove



Concello do Grove

puntos.

- E. Por ter sido desafiuzada ou estar pendente de desafiuzamento:1 punto.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente perante a Mesa de Baremación.

7.2 Puntuación total

Virá determinada pola suma dos méritos alegados e xustificados por cada aspirante.

En todo caso, deberase ter en conta:

1. Que a valoración de méritos de cada unha das persoas aspirantes se fará en función da documentación compulsada achegada por esta, e cos criterios establecidos no anexo II destas bases.
2. Nas categorías en que se esixa formación e/ou experiencia laboral, primeiro realizarase a contabilización de méritos profesionais e formativos. No caso de empate, será a puntuación obtida polas circunstancias persoais establecidas no artigo 7 a que o resolva.
3. Utilizarase como factor de corrección, no caso de que se dea entre as persoas aspirantes o mesmo criterio de desempate, a maior antigüidade como demandante de emprego no SEPE.
4. Se mesmo así continuase o empate, o desempate decidírase por sorteo, feito pola Mesa de Baremación e coa presenza das persoas candidatas.
5. Os resultados finais desta valoración serán reflectidos na correspondente acta de baremación, que establecerá a orde de prelación entre as candidaturas presentadas por orde decrecente de puntuación, de conformidade coa valoración obtida e acreditada pola documentación presentada por cada unha das persoas aspirantes.
6. Nesta acta de baremación indicaranse, se é o caso, igualmente as candidaturas que fosen excluídas por non cumpriren os requisitos necesarios para o desempeño do posto de traballo.
7. Á vista da dita acta, o/a alcalde/sa ditará unha resolución, que terá carácter provisional e que se exporá nos mesmos lugares que a convocatoria.
8. No suposto de que unha mesma persoa aspirante estea seleccionada para ocupar temporalmente dous postos, permitiráselle optar a un deles, agás se nunha das listas non hai ninguén máis para cubrir ese posto. Nese caso, terá que aceptar obrigatoriamente ese posto polas necesidades do Concello.
9. Publicadas as listas de aspirantes nos lugares preceptivos, isto é, taboleiro de anuncios e web do Concello do Grove, admitíranse reclamacións a estas por escrito, nas que se describirá de maneira precisa a reclamación, achegando, se for preciso, a documentación que se estime pertinente. As citadas reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes, Non caben reclamacións para a falta de documentación non proporcionada no seu momento. O prazo de presentación de reclamacións será de 5 días hábiles a partir da publicación da lista de aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello ou nos lugares preceptivos de exposición.
10. Examinadas as reclamacións presentadas, a Mesa de Baremación formularalle a correspondente proposta á Alcaldía, que ditará a oportuna resolución definitiva da convocatoria.
11. Cando sexa necesario iniciar as contratacións de cara a Festa do Marisco 2017 para cada un dos postos de traballo ofertados nesta bolsa de Emprego, proporase a persoa candidata correspondente por orde de puntuación para que (coa súa conformidade para aceptar o posto



Concello do Grove

- de traballo ofertado) se proceda á súa contratación efectiva.
12. Quen renunciase a un posto de traballo de maneira xustificada e acreditada mediante un contrato de traballo en vigor pasará ao final da lista correndo quenda na bolsa. (A renuncia inxustificada será causa de exclusión da bolsa, tal e como queda especificado no artigo 11 sobre as causas de exclusión).

Artigo 8. Realización de Cursos de PRL

Todas as persoas propostas para contratación deberán participar ineludiblemente nas pertinentes **charlas de prevención de riscos laborais., agas aqueles candidatos que acredite formación en PRL.**

Con tal propósito, este concello facilitará a súa realización.

Artigo 9. Xestión da Bolsa

Apertura e chamamento:

Establecida a prelación de candidaturas de acordo coa puntuación obtida por aplicación dos baremos anteriormente citados e debidamente reflectidos na acta de baremación definitiva, e previa petición/solicitud dos responsables dentro do organigrama da FESTA ó servizo de RR.HH, especificándose a Categoría da Bolsa na que se vai facer a contratación, formularase a proposta de contratación, a medida que vaia sendo necesario cubrir os postos de traballo, que necesariamente terá que contar co visto e praxe da Alcaldía-Presidencia.

Esta proposta de contratación presentaráselle á persoa candidata correspondente por orde de puntuación para que, coa súa conformidade para aceptar o posto de traballo ofertado, se proceda á súa contratación efectiva mediante un decreto da Alcaldía-Presidencia e a conseguinte formalización do contrato laboral e demais trámites pertinentes en materia laboral, como é a alta na Seguridade Social ou outros esixidos legalmente.

A comunicación á persoa candidata da proposta de contratación realizarase a través dos medios que deixara a propia persoa candidata como forma de contacto (teléfono e/ou correo electrónico). Esta proposta será tamén publicada no taboleiro de anuncios do Concello para o seu coñecemento público.

Se non se consegue contactar cunha persoa candidata no prazo de 24 h a través do contacto establecido por ela mesma, o envío de correo electrónico ou nun máximo de 3 chamadas en diferentes horas da mañá para presentarlle a oferta de traballo, correrá quenda por orde de puntuación e proporáselle a oferta á seguinte persoa candidata, perdendo a posición da lista e pasaría ao final. Se isto acontecese unha segunda vez, quedaría excluída da lista, tal e como se establece no artigo 11.

De producirse a renuncia da persoa proposta por enfermidade, que deberá acreditar co correspondente certificado médico, ou outras causas de carácter extraordinario que impidan a contratación e que serán valoradas pola comisión, procederase por razóns de celeridade, economía e eficacia, a correr a quenda na lista por orde de puntuación e proporáselle a oferta de traballo á seguinte persoa candidata. A persoa renunciante por estas causas quedará primeira na



Concello do Grove

lista para o seguinte chamamento.

No suposto de que unha mesma persoa aspirante solicitase a súa inclusión en varias categorías, a contratación laboral nunha delas suporá a suspensión automática da súa inclusión e orde nas outras ata a fin do contrato.

Artigo 10. Retribucións

As retribucións a percibir serán as especificadas na proposta de contratación. Cando a categoría non teña un reflexo no cadro de persoal, aplicarase un criterio de semellanza con outro posto, motivando tal criterio na proposta de contratación correspondente.

Artigo 11. Causas de exclusión da Bolsa

Son causas de exclusión da Bolsa de Emprego:

1. Por vontade propia da persoa solicitante coa sinatura do documento de baixa correspondente.
2. Por renuncia inxustificada a unha oferta dun posto de traballo na Bolsa de Emprego solicitada.
3. Por non conseguirse contactar coa persoa solicitante polas vías habituais de comunicación en dúas ofertas consecutivas de traballo.
4. Por ser feito un informe desfavorable por parte dos responsables do servizo dentro do período de proba establecido no contrato.
Sendo estas causas de informe negativo:
 - a. Non acudir ao seu posto de traballo sen causa debidamente xustificada.
 - b. Impuntualidade continuada na hora de entrada ao seu posto de traballo.
 - c. Incapacidade manifesta para o correcto desenvolvemento do traballo.
 - d. Improdutividade manifesta e anormal no seu traballo.
 - e. Uso inapropiado das ferramentas ou material inapropiado para desenvolver o seu traballo.
 - f. Conduta inapropiada coas persoas usuarias en postos de atención ao público, cos seus compañeiros, compañeiras ou superiores.
 - g. Acudir ao posto de traballo con sinais evidentes de intoxicación por alcohol ou outras drogas.
5. Non achegar a titulación esixida no nivel de estudos para as categorías e especialidades que así o precisaren.
6. Non achegar a documentación esixida en materia de prevención de riscos laborais para cada unha das categorías en que solicita ser inscrita.
7. Non cumprir cos requisitos de capacidade ou estar incurso en causas de incompatibilidade determinadas e aplicables ao persoal ao servizo das administracións públicas conforme o disposto na Lei 53/1984, do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 12. Vixencia da Bolsa



Concello do Grove

A vixencia da Bolsa será exclusivamente a do período da Festa (abranguendo días anteriores e posteriores necesarios para a súa montaxe e desmontaxe), abríndose cada ano unha nova convocatoria para presentar candidaturas a estas.

Disposición final

As presentes bases entraran en vigor desde a súa aprobación por esta Alcaldía e a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello do Grove, no taboleiro de anuncios da páxina web institucional e no xornal de maior tirada. O prazo de inscrición será de 15 días naturais, a partir da publicación no xornal.

O Grove, 13 de xuño de 2017

O alcalde

José Antonio Cacabelos Rico

*DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE